

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS CO IV FESTIVAL DE BANDAS INFANTÍS E XUVENÍS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Federación Galega de Bandas de Música** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 1 de outubro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento de actividades relacionadas co IV Festival de bandas infantís e xuvenís de Galicia, cuarta edición dun evento con clara vocación de futuro que se vai desenvolver na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, o 14 de xullo de 2019 e no que participarán ao redor de doce agrupacións infantís e xuvenís vinculadas ás bandas de música populares (divididas en diferentes categorías dependendo do número de participantes), con preto de cincocentos instrumentistas, que darán a coñecer o traballo que fan estas formacións máis novas das bandas de música galegas.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Federación Galega de Bandas de Música é a entidade máis representativa do ámbito bandístico a nivel galego ao ter un elevado número de formacións e instrumentistas federados das catro provincias galegas, e nese labor continuo que realiza a prol da difusión e promoción da música de banda destacan de maneira relevante iniciativas como o Concurso Galego de Composición, co que pretende enriquecer o patrimonio cultural galego no intento de cubrir a escasez de repertorio musical galego para bandas de música; e o Certame Galego de Bandas de Música, evento xa consolidado na comunidade ao que concorren anualmente un gran número das bandas galegas máis representativas, xerando un gran movemento social, sobre todo das idades máis novas, unido pola afección por este tipo de música.

A estes dous programas suma a Federación outra iniciativa de recente creación potenciadora da arte musical entre a poboación máis nova, o Festival de bandas infantís e xuvenís de Galicia, un ambicioso proxecto cunha clara vocación de futuro que asume como obxectivos mellorar a visibilidade das agrupacións infantís e xuvenís das bandas de música galegas, fomentar o



encontro entre xoves músicos de todos os puntos da comunidade, crear sinerxías para futuras colaboracións entre as bandas e enriquecer a formación musical dos rapaces.

A Agadic considera fundamental apoiar este tipo de propostas que inciden de maneira positiva no desenvolvemento musical e persoal dos xoves intérpretes de música bandística e non só para axudar á súa visibilidade senón tamén para dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, á vez que integradora, atendendo á diversidade, a través da inmillorable canle que a tal efecto brinda a música como linguaxe universal.

A Agadic, consciente do valor e importancia da música nas idades infantís e na xuventude, considera de especial importancia establecer accións conxuntas coa Federación que posibiliten a participación no desenvolvemento desta iniciativa que permite poñer en valor e darlle visibilidade á riqueza da música bandística nas idades máis novas, así como incidir no aspecto formativo dos integrantes das formacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

